



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

As deputadas **Yolanda Díaz Pérez** e **Eva Solla Fernández**, membros do **grupo parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta para a súa resposta oral no Pleno**, relativa ao ERE en Vodafone España S.A.U.

A recuperación-espellismo que publicita o goberno galego colleita outra sorprendente especie co anuncio por parte da multinacional Vodafone S.A.U. dun ERE de extinción, que xa foi rexeitado de xeito unánime polos Comités de Empresa de Pontevedra e Coruña e que previsiblemente afectará a plantilla en Galicia. O noso grupo parlamentario apoia o calendario de mobilizacións aprobado pola plantilla.

Na primeira reunión do período de consultas, celebrada en Madrid o primeiro de setembro, a empresa manifestou a súa previsión de executar 492 despedimentos, o 13,1% da plantilla que ten no conxunto do Estado, plantilla que no noso país suma 193 traballadoras e traballadores.

Unha empresa con altos niveis de beneficios, aínda nos anos da crise e da recesión, porque sen entrar no labirinto da contabilidade da multinacional, a propia empresa reconece que sigue en beneficios: máis de trescentos millóns de euros no 2011, 206 millóns de euros no exercicio fiscal do 2012, ou 37,5 millóns de euros no exercicio fiscal do 2013. Todo elo no marco de beneficios globais do grupo varias veces mil millónarios, incluso sen contar con elementos extraordinarios, caso da venda do 45% de Verizon Wireless.

Neste contexto, esa empresa decide provocar máis paro e sufrimento social, logo de ter executado un anterior ERE no 2013, que afectou entre despedimentos, externalizacións, modificacións substanciais das condicións de traballo e prexubilacións a 902 traballadores e traballadoras.

Plantilla que ademáis viu reducidas as súas retribucións salariais mediante un ERTE de 2 semanas no 2012, a redución dos pagamentos variables e incentivos nun furco entre 4-10% a cabalo do 2012-13 e cunha redución “voluntaria” da xornada nese mesmo tempo.

Plantilla que sofre na actualidade unha extraordinaria presión no desempeño do seu traballo, toda vez que a redución de persoal comportou unha sobrecarga de traballo, un aumento da taxa de explotación, que se traduce nunha acrecentada extracción de plusvalía, a cal permite a multinacional colleitar beneficios ano tras ano.

A coartada da integración con ONO non pode sostener un ERE que segundo afirman os representantes das traballadores e dos traballadores non se sostén por razón económicas, produtivas ou de organización. Un ERE que se lanza dende a opacidade da multinacional respecto aos obxectivos cara ao futuro. Un ERE que ignora outras alternativas que preserven os postos de traballo. Un ERE sen razón.

Polo sinalado, o grupo parlamentario da AGE presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Que actuacións está a desenvolver a Xunta de Galicia para, en colaboración co goberno central, procurar a retirada do ERE?

En Compostela, a 10 de setembro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Eva Solla Fernández

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 10/09/2015 14:59:41

Yolanda Díaz Pérez na data 10/09/2015 14:59:44